

# INFORME DE CONXUNTURA SOCIOECONÓMICA

## II / 2021

FERNANDO GONZÁLEZ LAXE (COORD.)

JOSÉ FRANCISCO ARMESTO PINA

PATRICIO SÁNCHEZ FERNÁNDEZ

SANTIAGO LAGO PEÑAS

## ASPECTOS SALIENTABLES

**1.** Tras o repunte dos casos do coronavirus a finais de xaneiro e principios de febreiro e en menor medida polos efectos da tormenta Filomena, a economía galega experimentou unha contracción do 2,9% respecto ao ano anterior, sendo novamente este impacto negativo de menor intensidade que no conxunto do Estado (-4,3%) Pero por riba da media da Unión Europea (UE-27): -1,8%

**2.** Este comportamento da economía galega ven explicado por unha achega negativa da demanda interna (3,1 puntos) que contrasta coa contribución positiva da demanda externa (0,2 puntos). Entre os compoñentes da demanda interna, o gasto en consumo final contráese de xeito significativo no primeiro trimestre de 2021 por mor da caída do gasto privado (-3,5% e -6%, respectivamente) e, en menor medida, do investimento (-1%). Pola contra, o gasto en consumo das administracións públicas presenta unha medra interanual do 3,3%. No que atinxe á demanda externa, o cadro macroeconómico reflicte unha caída tanto das exportacións como das importacións (6,9% e 6,6%, respectivamente). No caso das vendas a terceiros países, o espectacular crecemento da automoción contribúe a unha medra da súa elevada concentración sectorial manténdose practicamente constante a súa concentración xeográfica.

**3.** Dende o punto de vista da oferta, os grandes sectores produtivos presentan en Galicia un mellor comportamento que no conxunto de España, coa excepción do sector primario (-3,1% fronte ao in-

cremento do 3,7% en España). O sector da construción é quen presenta a caída interanual máis acusada tanto en Galicia como na economía española, cunha contracción do 6,3% e 10,1%, respectivamente. Do mesmo xeito, o sector servizos presenta unha redución inferior á media estatal (3,4% e 5,3%, respectivamente) estimándose unha contracción no subsector de comercio, transporte e hostalería galego do 12,2%, unha décima menos que en España. Dende un punto positivo a industria manufacturera medra un 0,6% respecto ao ano anterior, medio punto menos que en España, rachando con catro trimestres consecutivos de caída.

**4.** A devandita contracción da actividade económica trasládase directamente ao mercado de traballo que segue presentando, con carácter xeral, unha destrución de emprego de menor intensidade que a caída no PIB, a diferenza do que acontecen en crises anteriores. Dunha banda, as afiliacións á Seguridade Social descendeen no primeiro trimestre un 0,6% e a poboación ocupada (EPA) fíxoo nun 2,1%. Porén o número de horas traballadas reflectidas nas contas económicas presenta unha caída superior ao PIB, cunha redución interanual do 3,1% (-4,1% no ano anterior).

**5.** Os Expedientes de Regulación Temporal de Emprego seguen a constituír o principal mecanismo de protección dos traballadores por conta allea. A 31 de marzo, un total de 34.759 persoas estaban acollidos a un ERTE, o que representa o 4,7% do total estatal. O número de em-

presas afectadas é de 12.378 (un 6,9%). Atendendo á evolución ao longo do trimestre, febreiro presenta un importante incremento respecto ao mes anterior por mor do impacto das medidas aplicadas para frear a expansión da cuarta ola da pandemia.

6. Con carácter xeral, o axuste do emprego prodúcese en maior medida entre as persoas máis vulnerables: os máis novos, asalariados con contratos temporais, traballadores con xornada a tempo parcial e persoas con menor nivel educativo. A diferenza do acontecido nos trimestres anteriores, e sobre todo no mesmo trimestre do ano anterior, o axuste foi máis intenso entre os homes que entre as mulleres. Asemade, a poboación ocupada redúcese tanto no conxunto de traballadores por conta propia, por mor da caída dos empresarios sen asalariados, como nas persoas por conta allea no sector privado. No extremo contrario, cómpre salientar o incremento interanual dos empregadores e dos asalariados no sector público.

7. A participación laboral dos galegos volve a descender no primeiro trimestre do ano ao situarse no 52%, o que sitúa a Galicia novamente como a segunda C.A.

coas taxas máis reducidas tras Asturias, cun 50,6% (57,7% no conxunto do Estado). Asemade, presenta a quinta taxa de ocupación máis reducida, cun 45,3%, máis de tres puntos por baixo da media estatal (48,5%). Ao igual que acontece coa taxa de actividade, a participación das mulleres é inferior á dos homes, sendo o diferencial en Galicia inferior ao estimado no conxunto do Estado.

8. China aspira a ser un relevante actor mundial sendo a súa aposta máis salientable a Nova Ruta da Seda (denominada One Belt, One Road -OBOR). Esta iniciativa invoca a antiga Ruta da seda; evocando os intercambios comerciais cando a civilización china estaba no cénit da súa potencia e riqueza. A aposta actual consiste na construción de grandes infraestruturas que permitan inserir e conectar China co resto del mundo xunto cos denodados esforzos da burocracia chinesa para desenvolver unha nove orde internacional, incorporando a novos países baixo o liderazgo do goberno chinés. En definitiva, a través da Nova Ruta de Seda, China desexa conformar un proxecto de integración económica e militar de alcance mega-rexional transcontinental que fomenta a procura dunha transformación xeopolítica do sistema internacional.

## CONTIDOS

### I- ANÁLISE CONXUNTURA:

- . Contas económicas.
- . Mercado de Traballo.

### II - COMENTARIO:

- . La nueva ruta de la seda: una apuesta estratégica.

*O Informe de Conxuntura Socioeconómica ten como obxectivo subministrar aos axentes sociais, económicos e políticos a información básica e estratéxica que permita definir a situación actual da economía de Galicia. Asemade, pretende facilitar a avaliación continua das magnitudes máis salientables do noso País, e analizar os avances e melloras, mais tamén os atrancos ou retrocesos na súa dinámica macroeconómica.*

ISSN 2530-318X

Editado en Ourense polo Foro Económico de Galicia  
Xuño de 2021



## I- ANÁLISE DE CONTAS

### 1- CONTAS ECONÓMICAS: ACTIVIDADE ECONÓMICA EN GALICIA NO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2020. SIGNIFICATIVA RALENTIZACIÓN DA CAÍDA DO PIB

*A contracción da economía influenciada pola crise sanitaria provocada pola COVID e as medidas aprobadas posteriormente para conter a súa expansión continuou ao longo do primeiro trimestre do ano 2021, coincidindo cunha nova ola da pandemia, mantendo ao mesmo tempo un mellor comportamento que a economía española. A actividade económica galega redúcese un 2,9% respecto ao ano anterior, case punto e medio inferior á media estatal (4,3%). Esta caída segue a ser máis acusada que a media europea, onde o PIB da zona euro contráese un 1,8% e a UE-27 un 1,8%.*

*Dende o lado do consumo o devandito comportamento ven motivado por unha achega negativa da demanda interna (3,1 puntos) que contrasta coa contribución positiva da demanda externa (0,2 puntos), ao igual que acontecía no mesmo período de 2020. Entre os compoñentes da demanda interna o gasto en consumo final contráese de xeito significativo no primeiro trimestre de 2021 por mor da caída do gasto privado (-3,5% e -6%, respectivamente) así como en menor medida do investimento (-1%). Por contra, o gasto en consumo das administracións públicas presenta unha medra interanual do 3,3%. No caso das vendas a terceiros países, o espectacular crecemento da automoción contribúe a unha medra da súa elevada concentración sectorial manténdose practicamente constante a súa concentración xeográfica.*

*Dende o lado da oferta, o sector da construción é quen presenta a caída interanual máis acusada tanto en Galicia como na economía española, cunha contracción do 6,3% e 10,1%, respectivamente. Do mesmo xeito que a construción, o sector servizos presenta unha redución inferior á media estatal (3,4% e 5,3%, respectivamente) estimándose unha contracción no subsector de comercio, transporte e hostalería galego do 12,2%, unha décima menos que en España. Asemade, cómpre resaltar que o sector agrario e pesqueiro galego presenta unha nova contracción da súa actividade, cunha caída do 3,1%, o que contrasta coa medra dun 3,7% experimentada pola economía española. Dende un punto positivo a industria manufacturera medra un 0,6% respecto ao ano anterior, medio punto menos que en España, rachando con catro trimestres consecutivos de caída.*

#### 1- ACTIVIDADE ECONÓMICA

O comportamento da actividade económica no primeiro trimestre do ano 2021 segue a estar condicionada pola evolu-

ción da pandemia e as medidas adoptadas para frear a súa expansión. Ante a rapidez dos cambios é necesario centrarse nas taxas de variación interanual en cada un dos trimestres así como a compara-


ción coa situación no momento antes da pandemia (cuarto trimestre de 2019). Dunha banda, tanto o conxunto de países da Unión Europea (UE-27) como da zona euro continúan experimentando unha contracción na súa actividade económica se ben presentan un menor impacto negativo da crise sanitaria no seu PIB. No primeiro trimestre do ano a actividade económica da UE-27 contráese un 1,2% e na zona euro un 1,3%, a caída menos acusada dende o comezo da crise sanitaria (-2,7% e -3,3% no primeiro trimestre do ano anterior).

Entre as principais economías da zona euro, cómpre resaltar en primeiro lugar o crecemento interanual do PIB en Francia,

cunha medra interanual do 1,2% no primeiro trimestre do ano, influenciado polo forte crecemento do investimento (7,1%) e do gasto en consumo final, fundamental gasto das administracións públicas (0,3% e 3,6%, respectivamente). Como se reflicte no primeiro gráfico, os outros tres países considerados presentan unha caída da súa actividade económica inferior á estimada nos tres trimestres anteriores, situándose a contracción no 4,3% en España fronte ao 3,1% de Alemaña (o gasto privado contráese un 8,9% respecto ao ano anterior, permanecendo estable o investimento) ou no 5,4% en Portugal.

Se a comparación se fai coa situación existente no momento antes da pande-

### Evolución do PIB real na UE-27, na zona euro e nas principais economías europeas, 2019-2021. Taxas de variación interanual




Fonte: Eurostat

ma, o impacto na economía española é superior á do resto das economías consideradas. No primeiro trimestre do ano o PIB tanto de España coma de Portugal

se atopa máis de nove puntos por baixo do rexistrado no cuarto trimestre de 2019 cando en Alemaña o PIB é cinco puntos inferior e na UE-27 de 4,6 puntos.

**Evolución do PIB real na UE-27 e nas principais economías europeas, 2019-2021. (Base 4 trimestre 2019 = 100)**



Fonte: Eurostat


No que á evolución da economía galega se refire, a incidencia negativa da crise do COVID en Galicia segue a ser menos intensa que no conxunto de España. Se no conxunto do ano 2019 o PIB galego medrara por baixo da media española (1,8% e 2%, respectivamente), o forte impacto da crise económica motivou que a economía galega experimentara unha contracción

da súa actividade do 8,9%, dous puntos menos que no conxunto do Estado, reducíndose este diferenca en seis décimas no primeiro trimestre de 2021. Neste trimestre do ano a economía española cae un 4,3% respecto ao mesmo período do ano anterior fronte ao -2,9% de Galicia cando no trimestre anterior a contracción do PIB fora do 8,9% e 7,6%, respectivamente.

Fonte: IGE e INE



## Evolución do PIB real en Galicia e España, 2019-2021




Fonte: IGE e INE

Se se compara o impacto da crise económica de 2008 e a actual, cómpre resaltar que o impacto do COVID-19 é significativamente superior, pero que a recuperación tamén semella que vai ser moito máis intensa. Tomando coma referencia o valor máis elevado do PIB antes das crises, Galicia presenta un impacto inicial inferior ao rexistrado en España, se ben a recuperación posterior na crise económica de 2008 foi máis rápida no Estado. Galicia acadou o nivel precrise no primeiro trimestre de 2018, dez anos máis

tarde, en tanto que a economía española acadouno no cuarto trimestre de 2016, case nove anos máis tarde (35 trimestres). Na actualidade o PIB galego atópase un 7,5% por baixo do nivel anterior ao comezo da crise sanitaria sendo esta porcentaxe do 9,4% no caso da economía española.

Se a comparación se fai coa evolución noutras CC.AA. tomando como referencia a situación existente no momento antes da pandemia (cuarto trimestre 2019), cómpre resaltar que a caída da economía


### Evolución da actividade económica en Galicia e España dende o máximo antes da crise 2008 e 2021



Fonte: IGE e INE

galega é menos intensa que a rexistrada en CC.AA como Navarra, País Vasco e en maior medida Cataluña. Non obstante, a recuperación Navarra é superior á galega presentando un nivel similar no País Vasco e Galicia.

### Evolución da actividade económica 2019-2021. (Base 4 trimestre 2019 = 100)



Fonte: IGE e INE




## DEMANDA AGREGADA

No primeiro trimestre do ano a evolución do PIB en Galicia ven motivada por unha achega negativa da demanda interna, o que contrasta coa contribución positiva do sector exterior. Dunha banda, a demanda interna detrae 3,1

puntos porcentuais ao crecemento agregado do PIB e a diferenza do que acontecía no terceiro e cuarto trimestre do ano anterior, o impacto negativo da demanda interna na economía española é inferior ao de Galicia ao restar 2,6

### Achega da demanda interna e externa en Galicia e España 2019-2021



Fonte: IGE e INE

puntos no conxunto do Estado. Por contra, o sector exterior presenta unha achega positiva ao crecemento agregado do PIB en Galicia a diferenza do que sucede na economía española. No primeiro trimestre de 2021 a contribución da demanda externa na Comuni-

dade Autónoma foi de dúas décimas o que contrasta co estimado en España onde detrae 1,6 puntos ao crecemento agregado do PIB.

O cadro macroeconómico de Galicia amosa que entre os compoñentes da demanda interna, o gasto en consumo

final contráese de xeito significativo no primeiro trimestre de 2021 por mor da caída do gasto privado así como en menor medida do investimento. Dunha banda, a caída do 3,5% do consumo, ritmo similar á do mesmo período do ano anterior (-3,6%), é consecuencia

da redución interanual do consumo privado nun 6% o que contrasta coa medra interanual do 3,3% no gasto das administracións públicas (9,2% no derradeiro trimestre do ano anterior). Doutra banda, o investimento presenta por quinto ano consecutivo unha con-

### Cadro macroeconómico de Galicia 2018-2021. Taxas de variación interanual.

	%										
	2019	2020	2019/I	2019/II	2019/III	2019/IV	2020/I	2020/II	2020/III	2020/IV	2021/I
<b>Produto Interior Bruto</b>	1,8	-8,9	2,6	1,8	1,7	1,1	-3,8	-18,0	-6,2	-7,6	-2,9
<b>Demanda</b>											
Gasto en consumo final	2,0	-7,4	0,7	2,2	2,0	2,7	-3,6	-17,9	-2,7	-5,4	-3,5
Fogares e institución privadas sen fin de lucro	2,1	-11,3	1,1	1,9	1,6	3,3	-6,5	-24,1	-4,6	-10,1	-6,0
AA. Públicas	1,8	4,5	-0,6	3,3	3,4	1,1	5,4	0,7	3,0	9,2	3,3
Formación Bruta de Capital	1,8	-13,2	6,0	2,8	2,8	-2,1	-9,8	-25,6	-9,7	-7,3	-1,0
<b>Achega demanda interna ao PIB</b>	2,0	-8,3	1,6	2,3	2,1	1,9	-4,6	-19,2	-3,9	-5,7	-3,1
Exportacións	0,2	-5,8	1,1	-4,9	-5,2	3,7	-0,1	-23,8	1,5	-1,4	4,8
Importacións	0,6	-4,6	-0,9	-3,9	-4,4	5,3	-1,6	-26,1	6,0	2,2	4,7
<b>Achega demanda externa ao PIB</b>	-0,2	-0,6	1,0	-0,5	-0,4	-0,8	0,8	1,2	-2,3	-1,9	0,2
<b>Oferta</b>											
Sector primario	-0,2	-3,3	0,7	-1,1	-1,3	0,0	-1,8	-1,0	-3,5	-6,9	-3,1
Industria	-1,4	-8,6	-0,3	-2,3	-2,4	-0,8	-1,7	-21,8	-5,4	-5,5	1,2
Industria manufacturera	0,6	-9,6	-1,8	-0,8	-0,8	2,2	-2,1	-29,1	-4,0	-3,2	0,6
Construción	3,4	-12,6	5,6	4,2	4,3	0,8	-6,8	-22,2	-10,2	-11,1	-6,3
Servizos	2,7	-8,1	3,3	2,8	2,7	2,0	-3,5	-17,1	-5,1	-6,7	-3,4
Comercio, transporte e hostalería	3,6	-19,5	4,9	4,0	3,9	1,6	-9,1	-37,7	-13,7	-17,3	-12,2
Información e comunicacións	0,5	-0,1	0,5	-0,8	-0,8	1,5	7,1	-7,1	-0,1	-0,2	-4,1
Actividades financeiras e de seguros	1,3	-0,4	1,8	-0,2	-0,1	5,1	-3,1	1,0	0,3	0,2	3,5
Actividades inmobiliarias	1,2	-0,3	1,4	1,3	1,3	1,0	0,4	-0,2	-0,6	-0,8	-0,4
Actividades profesionais	4,1	-9,3	6,2	3,9	3,8	2,9	-6,0	-22,1	-3,3	-6,0	0,4
Administración pública, sanidade e educación	3,0	1,6	2,4	3,6	3,6	2,6	2,7	1,2	0,9	1,4	2,7
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	0,4	-18,0	0,5	0,8	0,6	0,3	-9,5	-42,7	-8,4	-11,2	-1,3


Fonte: IGE

tracción no seu ritmo de crecemento, presentando unha caída do 1% no primeiro trimestre do ano, a taxa menos intensa dese período.

En comparación coa evolución destes indicadores na economía española, o gasto en consumo final, tanto pú-

blico como privado, presenta un peor comportamento na economía galega ao reducirse un 1,9% o gasto en consumo final en España. O maior diferencial prodúcese no consumo privado, cunha caída interanual do 3,9%, 2,1 puntos menos que na Comunidade Autóno-

## PIB real en Galicia e España 1º trimestre 2021. Indicadores de demanda. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE e INE


ma, en tanto que o gasto das administracións públicas presenta unha taxa de variación interanual do 3,8%, cinco décimas máis que en Galicia. Por contra, a diferenza do acontecido co consumo final, o investimento, medido en termos da formación bruta de capital, presenta en España unha taxa de variación interanual negativa superior á galega cunha caída do 5,9%, case cinco puntos superior á rexistrada na economía galega.

Ademais do devandito comportamento do investimento, a achega positiva da demanda externa ao crecemento agregado do PIB explica a menor contracción da economía galega en relación á española. O cadro macroeconómico de Galicia reflicte que ao igual que o acontecido nos primeiros trimestres de 2019 e 2020 a demanda externa presenta no último ano unha achega positiva ao crecemento agregado do PIB de dúas dé-

cimas, motivado por unha medra das exportacións do 4,8% fronte ao incremento do 4,7% no caso das importacións. No conxunto do Estado as vendas de bens e servizos ao exterior rexistraron unha caída do 9,5% fronte ao 5,2% experimentado polas importacións, o que determina que o sector exterior detrae 1,6 puntos ao crecemento do PIB, feito que se produce ao longo de todo o ano 2020 (-0,3 puntos no primeiro trimestre de 2020).

Se se consideran tan só as relacións comerciais con terceiros países, o valor total das exportacións galegas no primeiro trimestre do ano 2021, impulsado polo bo comportamento do sector da automoción, medrou un 10,9% o que contrasta coa redución do 7,3% no mesmo período do ano anterior. As vendas totais a terceiros países acadan nos tres primeiros meses do ano un valor de 5.457,2 millóns de euros, o que representa o 36,1% do PIB ga-

## Exportacións galegas do sector do automóbil, téxtil-confección e pesca 2009-2021. Datos acumulados primeiro trimestre




Fonte: ICEX

lego, catro puntos máis que no ano precedente. A cota de mercado das exportacións galegas no total estatal sitúase no 7,5%, catro décimas máis que no mesmo período do ano precedente, sendo esta porcentaxe a máis elevada nun primeiro trimestre dende o ano 2011 (8,6% no ano anterior). Tendo en conta que as importacións galegas, tras unha medra do 6,2% respecto ao mesmo período do ano anterior, acadan un importe de 4.930,9 millóns de euros, o saldo positivo da balanza comercial galega aumenta ata os 526,3 millóns de euros, un 88,9% máis que no ano anterior (247,7 millóns máis).

O sector do automóbil e as actividades de téxtil e confección seguen a ser os sectores exportadores máis importantes en termos de valor, se ben o seu comportamento continúa a ser moi desigual. Dunha banda, o importe das vendas do sector do automó-

bil medrou un 39,9% respecto ao ano anterior, acadando os 1.728,1 millóns de euros, o importe máis elevado dos últimos quince anos. Doutra banda, o sector téxtil-confección, tras unha caída interanual do 18,6%, vendeu ao exterior produtos por valor de 866,5 millóns de euros. Tras esta evolución, o peso relativo do sector do automóbil nas exportacións galegas aumenta ata o 31,7%, o que representa a porcentaxe máis elevada nun primeiro trimestre dende o ano 2011; en tanto que o téxtil reduce a súa importancia relativa ata o 15,9%, a máis reducida dende esa mesma data. En conxunto as dúas ramas de actividade concentran o 47,6% das vendas galegas a terceiros países, case un punto máis que no primeiro trimestre do ano anterior. O sector da pesca racha a súa tendencia positiva iniciada en 2015 sendo o seu peso relativo do 9,2% no primeiro trimestre de 2021.

## Exportacións galegas primeiro trimestre 2021. Principais países e sectores económicos



Fonte: ICEX

Atendendo á desagregación segundo destino das vendas galegas ao exterior, a meirande parte das grandes áreas xeográficas presentan unha medra do valor total das exportacións, salientando os incrementos porcentuais de Oceanía, cun 43,9% (2,9 millóns de euros máis), África, cun 25,1% (63,2 millóns) e Asia, cunha medra do 20,8% (44,4 millóns de euros máis). Por contra, cómpre mencionar os descensos en África Central

(0,6 millóns menos; 15,1%), América do Norte (46,7 millóns menos; 33,3%) e América central (5,1 millóns de euros menos; 7,2%). No conxunto dos países de Europa o incremento das vendas foi do 10% (407,2 millóns de euros máis), situándose esta medra no 10,6% no caso da UE-27 (375,9 millóns de euros).

O devandito comportamento do sector do automóbil reflíctese nunha maior concentración das exportacións



galegas cara á Francia, que tras unha medra do 23,5% concentra máis da cuarta parte das vendas galegas ao exterior (26%) fronte ao 21% do ano anterior. Este incremento contrasta coa redución do 10,5% experimentada no caso de Portugal, que se mantén como o segundo país de destino dos produtos galegos ao concentrar o 13,3% das exportacións. Ao mesmo tempo é salientable a medra do 9,6% e 9,5% das vendas a Italia e Alemaña, que se sitúan a continuación como principais destinos das vendas galegas ao exterior.

Por último, no concernente ao saldo da balanza comercial dos distintos sectores, cómpre resaltar en primeiro lugar o comportamento no sector do automóbil, que no primeiro trimestre de 2021 acadou un saldo positivo de 57,6 millóns de euros, cando nos anteriores seis anos acadaba un saldo deficitario no mesmo período de tem-

po. Este cambio ven motivado polo comportamento de fabricación de automóviles e motos, cun saldo positivo de 1.087 millóns de euros, un 73,1% superior ao do ano anterior (627,8 no ano anterior), mentres que a venda de compoñentes de motor aumenta o seu saldo deficitario un 24,9% respecto ao mesmo período do ano anterior para situarse nos 1.029,4 millóns de euros. Asemade, volve a reducirse o saldo positivo do subsector téxtil-confeción, que acadou os 472,1 millóns de euros, un 16,8% menos que no ano anterior cando o superávit ascendía a 567,6 millóns. Por último cómpre mencionar que no ámbito dos alimentos a pesca reduce fortemente o seu saldo negativo ao acadar un déficit de 109,2 millóns de euros (un 43% menos que no mesmo trimestre do ano anterior), o que incide directamente na redución dun 47,4% do déficit no sector da alimentación (84,7 millóns de euros).


## AGREGADOS DA OFERTA

Dende o punto de vista sectorial, a crise económica incidiu en maior medida naqueles sectores máis afectados polas restricións de mobilidade e vinculados consumo, como a hostalería (aloxamentos e comidas), o comercio, o transporte e as actividades artísticas e recreativas. A menor exposición destes sectores na economía galega explica en parte que a caída do PIB galego no conxunto do ano 2020 fose menos intensa que á experimentada

no conxunto do Estado.

No que aos grandes sectores produtivos se refire, a actividade que presenta a contracción máis acusada tanto en Galicia como en España é o sector da construción, cunha caída interanual do 6,3% en Galicia fronte ao 10,1% no conxunto de Estado. Ao igual que na construción, o conxunto das ramas terciarias presentan en Galicia unha redución inferior á media estatal, sendo esta caída do 3,4% e 5,3%,

### Produto Interior Bruto en Galicia e España primeiro trimestre 2021: distribución segundo principais compoñentes da oferta. Taxas de variación interanual




Fonte: IGE e INE

respectivamente. Asemade, cómpre resaltar que no primeiro trimestre de 2021 o sector agrario e pesqueiro galego presenta unha nova contracción da súa actividade,

respectivamente. Asemade, cómpre resaltar que no primeiro trimestre de 2021 o sector agrario e pesqueiro galego presenta unha nova contracción da súa actividade, cunha caída do 3,1%, o que contrasta coa medra dun 3,7% experimentada pola economía española.

Por contra, o conxunto do sector indus-

### Evolución da estrutura produtiva de Galicia. Principais ramas de actividade (VEB Galicia = 100)



Fonte: IGE

trial presenta un crecemento similar en Galicia e España, cunha medra interanual do 1,2% e 1,1%, respectivamente. No ámbito do sector industrial cómpre resaltar que a actividade manufactureira medra un 0,6% respecto ao ano anterior, sendo esta medra medio punto inferior á do conxunto do Estado.

Entre as actividades englobadas no sector terciario cómpre mencionar en primeiro lugar que a contracción do subsector de comercio, transporte e hostalería é similar en Galicia e España, cunha redución do 12,2% e 12,3%, respectivamente. En España a caída máis acusada rexístrase nas actividades artísticas, recreativas e outros servizos cunha contracción do 26,5%, o que contrasta coa redución dun 1,3% en Galicia. Por último cómpre mencionar que medra o veb na administración pública, sanidade e educación, se ben esta é menos acusada en Galicia (2,7% fronte ao 4,2% en España).

O impacto da crise orixinada pola pandemia reflicte unha importante redución do peso relativo do subsector de comer-

cio, transporte e hostalería que no primeiro trimestre de 2021 concentra o 19,5% do veb xerado en Galicia, case catro puntos menos que ao comezo da crise sanitaria (23,3%). No extremo oposto cómpre mencionar o aumento en máis de dous puntos porcentuais da importancia relativa da administración pública, sanidade e educación, que concentra o 21,2% no primeiro trimestre (19% ao comezo da actual crise sociosanitaria).

Asemade cómpre mencionar que entre os dous trimestres considerados o peso da industria manufactureira mantense relativamente estable (12,9% e 12,7%, respectivamente), ao igual que as actividades profesionais, vinculadas en gran medida ao desenvolvemento da actividade manufactureira, que concentra o 6,2% do veb galego no primeiro trimestre do ano, unha décima menos que no ano anterior. O sector da construción representa o 7,2% do veb, tres décimas menos que no cuarto trimestre de 2019, mentres que o sector primario concentra o 5,1% do veb (5% antes do inicio da crise).

## O MERCADO DE TRABALLO NO PRIMEIRO TRIMESTE DE 2021

*A análise do impacto negativo da crise orixinada pola covid-19 no mercado laboral adquire especial relevancia ao constituír un dos principais mecanismos de transmisión desta crise á sociedade, ao seren o lugar onde repercuten todos os problemas económicos sobre os ingresos e o nivel de vida dos fogares.*

*A contracción da actividade económica nun 2,9% trasládase directamente ao mercado de traballo que segue presentando, con carácter xeral, unha destrución de emprego de menor intensidade. Fronte ao lixeiro incremento experimentado no ano anterior, as afiliacións á Seguridade Social descenden no primeiro trimestre un 0,6% e a poboación ocupada (EPA) fíxoo nun 2,1%. Tan só o número de horas traballadas reflectidas nas contas económicas presenta unha caída superior ao PIB, cunha redución interanual do 3,1% (-4,1% no ano anterior), sendo esta caída do 2,8% no caso do número medio de horas efectivamente traballadas reflectido na EPA (-6,1% no 1º trimestre de 2020).*

*Con carácter xeral o axuste do emprego prodúcese en maior medida entre as persoas máis vulnerables: os máis novos, asalariados con contratos temporais, traballadores con xornada a tempo parcial e persoas con menor nivel educativo. A diferenza do acontecido nos trimestres anteriores, e sobre todo no mesmo trimestre do ano anterior, o devandito axuste foi máis intenso entre os homes que entre as mulleres. Asemade, a poboación ocupada redúcese tanto no conxunto de traballadores por conta propia, por mor da caída dos empresarios sen asalariados, como nas persoas por conta allea no sector privado. No extremo contrario, cómpre resaltar o incremento interanual dos empregadores e dos asalariados no sector público.*

*Tendo en conta que os ERTE constitúen o principal mecanismo de protección dos traballadores por conta allea, cómpre indicar que a finais de marzo 34.759 persoas estaban acollidos a un ERTE, o 4,7% do total estatal, e o número de empresas é de 12.378 (un 6,9%).*

Unha primeira aproximación global á situación do mercado de traballo no primeiro trimestre de 2021 pode realizarse a partir dos indicadores básicos do mercado laboral da economía galega e a súa comparación do resto das CC.AA.: taxa de ac-

tividade, taxa de ocupación, taxa de paro e taxa de temporalidade. Dunha banda, a participación laboral dos galegos volve a descender no primeiro trimestre do ano ao situarse no 52%, un punto menos que no mesmo período do ano anterior e 1,1



## Principais datos do mercado de traballo en Galicia 2019-2021

	2019	2020 (miles persoas)				2021	2020/21
		I	II	III	IV		
<b>Poboación maior de 16 anos</b>	2.337,1	2.338,6	2.338,8	2.339,0	2.339,6	2.341,3	2,7
<b>Poboación activa</b>	1.241,7	1.239,8	1.192,9	1.227,4	1.223,5	1.218,1	-21,7
<b>25 - 34 anos</b>	221,4	218,8	203,1	210,5	210,3	206,2	-12,6
<b>Poboación ocupada</b>	1.096,0	1.083,0	1.050,4	1.082,6	1.080,9	1.059,8	-23,2
<b>Conta propia</b>	212,4	210,4	200,3	201,7	208,6	207,6	-2,8
<b>Conta allea</b>	883,3	872,1	850,0	880,6	871,7	851,8	-20,3
<b>Outra situación</b>	0,4	0,5	0,1	0,3	0,6	0,4	-0,1
<b>Poboación parada</b>	145,8	156,8	142,5	144,8	142,6	158,3	1,5
<b>Parado longa duración</b>	55,7	55,4	40,1	53,7	50,1	61,4	6,0
<b>Poboación inactiva</b>	1.095,4	1.098,8	1.145,9	1.111,6	1.116,1	1.123,2	24,4
<b>Taxa de actividade</b>	53,1%	53,0%	51,0%	52,5%	52,3%	52,0%	
<b>Taxa de ocupación</b>	46,9%	46,3%	44,9%	46,3%	46,2%	45,3%	
<b>Taxa de paro</b>	11,7%	12,6%	11,9%	11,8%	11,7%	13,0%	
<b>Taxa de temporalidade</b>	25,1%	25,1%	22,1%	24,6%	24,3%	23,3%	
<b>Afiliacións (media trimestral)</b>	1.016,5	998,7	978,4	1.005,0	1.002,1	992,9	-5,8
<b>Paro rexistrado (media trimestral)</b>	165,1	169,5	189,1	176,3	186,1	184,0	14,5

Fonte: IGE

puntos menos que no trimestre anterior ao comezo da crise orixinada pola covid-19. Esta porcentaxe sitúa a Galicia novamente como a segunda C.A. coas taxas máis reducidas tras Asturias, cun 50,6% (57,7% no conxunto do Estado).

O devandito descenso prodúcese tanto no caso dos homes como das mulleres, sendo esta caída de maior intensidade entre as mulleres que entre os homes tanto en Galicia como en España. A taxa de actividade feminina é notablemente inferior á masculina, con taxas do 48% e 56,4%, respectivamente, o que supón un diferencial de 8,5 puntos porcentuais (9,3 puntos no ano anterior). No conxunto do Estado, o diferencial redúcese ata os 9,8 puntos (10,6 puntos en 2020), descendendo a taxa de actividade feminina ata o 52,9% e a masculina ata o 62,7%.

No que á taxa de ocupación se refire, Galicia sitúase como a quinta C.A. coa taxa máis reducida descendendo o seu valor ata o 45,3% no primeiro trimestre do ano, o que supón máis de tres puntos por baixo da media estatal (48,5%). Ao igual que acontece coa taxa de actividade, a participación das mulleres é inferior á dos homes, sendo o diferencial en Galicia inferior ao estimado no conxunto do Estado. Entre os homes a taxa de emprego sitúase no 49,8% fronte ao 41,1% no caso das mulleres, o que implica un diferencial de 8,7 puntos, fronte aos 10,6 puntos en España (53,9% e 43,3%, respectivamente).

Os devanditos baixos niveis das taxas de actividade e de ocupación poden entenderse, en parte, tanto pola evolución da estrutura do tecido empresarial de Galicia, caracterizada pola hexemonía de empre-

## Taxas de actividade, ocupación, paro e temporalidade, 1º trimestre 2021

	<b>Galicia</b>	<b>España</b>	<b>Mellores CC.AA.</b>	<b>Peores CC.AA.</b>
<b>Taxa de actividade</b>	52,0%	57,7%	Madrid (63,3%) Cataluña (61%) Balears (60,2%) Murcia (59,3%)	Asturias(50,6%) Galicia (52%) Castela e León (53,7%) Estremadura (53,7%)
<b>Taxa de ocupación</b>	45,3%	48,5%	Madrid (55,6%) Cataluña (53,2%) A Rioxa (51,6%) Navarra (51,3%)	Canarias (41,5%) Estremadura (41,8%) Andalucía (43,4%) Asturias (43,5%)
<b>Taxa de paro</b>	13,0%	16,0%	País Vasco (11%) Navarra (11,5%) Cantabria (11,9%) A Rioxa (11,9%)	Canarias (25,4%) Andalucía (22,5%) Estremadura (22,2%) Balears (18,9%)
<b>Taxa de temporalidade</b>	23,3%	23,8%	Madrid (18,8%) Cataluña (19,3%) Balears (19,4%) A Rioxa (21,0%)	Andalucía (33,7%) Estremadura (30,9%) Murcia (29,2%) Canarias (27,2%)

Fonte: INE

sas individuais e micropemes, que leva a unha escasa utilización e incorporación de dotacións tecnolóxicas, baixa relación capital/produto, e reducida produtividade; como pola propia demografía empresarial (creación, mortalidade e taxas de supervivencia).

Como aspectos xerais da mencionada demografía empresarial de Galicia, dos datos correspondentes ao ano 2019 pódense salientar tres aspectos relevantes. Dunha banda, a taxa de nacementos (9,81%) é superior á taxa de mortalidade (9,56%), do que resulta unha taxa neta positiva (0,25%). Doutra banda, a medida que aumenta o tamaño das empresas, as taxas de disolución son máis elevadas e comezan a ser superiores ás taxas de nacementos. Isto explica que a devandita taxa neta sexa negativa nas empresas de tamaño medio e grande (-0,12% para os establecementos entre 50-250 traballadores; e -1,48%, para as de máis de 250). A terceira consideración fai referencia a

que tan só no sector servizos as empresas rexistran taxas netas de crecemento positivas (0,72%) mostrando taxas negativas de -0,78% y -1,70% os sectores industriais e da construción, respectivamente (taxas de mortalidade superiores ás de nacementos).

Asemade, os resultados derivados das taxas de supervivencia empresarial, ligadas á organización e aos cambios organizativos, indica as amplas dificultades existentes para manter a actividade. Tomando os datos de supervivencia aos tres anos o INE indica que no ano 2019 tan só o 52,9% das empresas creadas en 2016 mantiñan a súa actividade, sendo esta porcentaxe do 50,8% no caso das empresas creadas en 2015. Se se toma un horizonte temporal máis amplo, de 100 empresas creadas a comezos de século tan só seguirían en funcionamento no ano 2019 o 25%; o que significa que  $\frac{3}{4}$  partes das empresas rexistradas en 2000 desapareceran vinte anos máis tarde.

### Taxa de supervivencia das empresas galegas 2010-2019

	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
2010	100,0	-	-	-	-	-	-	-	-	-
2011	83,4	100	-	-	-	-	-	-	-	-
2012	71,7	79,0	100	-	-	-	-	-	-	-
2013	60,4	67,4	78,2	100	-	-	-	-	-	-
2014	53,0	57,1	67,1	76,8	100	-	-	-	-	-
2015	48,0	51,4	58,2	66,9	78,0	100	-	-	-	-
2016	44,8	47,1	52,8	58,7	67,1	77,8	100	-	-	-
2017	37,8	42,1	44,9	51,4	58,2	58,3	74,4	100	-	-
2018	36,1	39,8	42,2	47,6	52,3	50,8	62,1	60,7	100	-
2019	33,0	36,6	38,9	43,1	46,9	44,3	52,9	50,6	84,8	100

Fonte: INE

### POBOACIÓN ACTIVA

O número de persoas activas en Galicia mantén a tendencia descendente dos últimos anos, acadando no primeiro trimestre de 2021 un total de 1.218.100 persoas, 21.700 menos que no mesmo período do ano anterior (-1,8%). Se a comparación se fai co nivel precise, a redución ascende ata as 23.600 persoas, o que supón un 1,9% menos. Cómpre resaltar que ao igual que acontece nos tres trimestres anteriores, nos que a crise afectou a todo o trimestre, o descenso da poboación activa rexístrase tanto en homes como en mulleres. Con todo, entre xaneiro e marzo de 2021 a caída da poboación activa é superior no caso dos homes (13.900 activos menos que no mesmo período do ano anterior) que no das mulleres (7.800 persoas menos). No primeiro trimestre de 2020 a poboación activa medrara

en 5.600 persoas por mor da medra de 9.000 persoas activas no caso dos homes, que compensou o descenso de 3.400 persoas entre as mulleres. En termos relativos, a caída da poboación activa entre os homes foi do 2,1%, un punto por riba do estimado no conxunto de España, e o 1,3% entre as mulleres, o que contrasta coa lixeira medra experimentada no mercado laboral español (0,1%).


O devandito descenso ven explicado pola caída da poboación activa entre as persoas españolas o que contrasta co lixeiro incremento experimentado entre as persoas de nacionalidade estranxeira. Dunha banda, no primeiro trimestre de 2021 a poboación activa estranxeira medra un 1,2% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior (800 persoas máis), por mor do incremento no caso dos homes, con 1.800 persoas máis (5,2%), que compensa a caída de 1.000 mulleres acti-

vas (-3,1%). Doutra banda, a caída de 22.600 persoas activas de nacionalidade española é consecuencia dunha redución de 15.700 persoas entre os homes e de 6.800 entre as mulleres (2,6% e 1,2%, respectivamente).

Asemade, cómpre insistir no significativo descenso da poboación activa entre as persoas con idades compren-

didadas entre 25 e 34 anos, que entre xaneiro e marzo de 2021 foi do 5,8% respecto ao ano anterior (12.600 persoas). A poboación activa ta só medra no caso das persoas maiores de 45 anos, con 14.200 persoas activas máis (2,3%), das que 8.200 son mulleres e os restantes 6.000 homes (2,8% e 1,9%, respectivamente).


### Evolución trimestral da poboación activa 2019-21: distribución segundo sexos



Fonte: IGE



## Poboación activa no primeiro trimestre 2021. Variación interanual



### ENTRADAS E SAÍDAS DA ACTIVIDADE


A Enquisa de fluxos da poboación activa reflicte que no primeiro trimestre do ano pasaron a formar parte da poboación activa en Galicia un total de 54.500 persoas, o que supón unha medra de 11.900 persoas respecto ao estimado para o ano anterior. Por contra, o número de persoas que saíron da actividade ascendeu a 62.600 persoas, cando no ano anterior o fixeran 57.900 persoas. Deste xeito, ao igual que o acontecido no ano anterior o mercado laboral galego presenta un saldo negativo entre as entradas e as saídas da actividade de 8.100 persoas, cifra significativamente inferior á do ano ante-

rior cando saían da actividade 15.300 persoas máis das que entran).

O fluxo total de entrada á ocupación dende a inactividade sitúase de media no primeiro trimestre do ano en torno ás 20.000 persoas, cifra un 21,2% superior á do mesmo trimestre do ano anterior (3.500 persoas máis). Así mesmo, o fluxo de saída da ocupación cara á inactividade aumentou de media ata as 35.200 persoas, o que supón 5.400 persoas máis que en 2020 (18,1%). O número de persoas que estaban paradas no derradeiro trimestre de 2020 e que saen da actividade ascende a 27.400 persoas, cifra inferior en 700 persoas á do primeiro trimestre do ano anterior (-2,5%). Así mesmo o fluxo de entradas ao paro de persoas que no



## Fuxo da poboación activa dende o comezo da crise sanitaria. Evolución trimestral



Fonte: IGE, Estatística de fluxos da poboación activa

último trimestre de 2020 eran considerados como inactivos ascende no primeiro trimestre de 2021 ata as 33.600 persoas, 7.600 máis que no mesmo trimestre do ano anterior (29,2%).

### OCUPACIÓN

A contracción da economía galega no primeiro trimestre trasládase directamente ao mercado de traballo atendendo á evolución das grandes cifras do nivel de ocupación e desemprego. Dunha banda, cómpre resaltar que


a caída interanual do PIB nun 2,9% tradúcese, con carácter xeral, nunha destrución de emprego de menor intensidade. Fronte ao lixeiro incremento experimentado no primeiro trimestre do ano anterior, en 2021 as afiliacións en alta laboral á Seguridade Social descenden un 0,6% e a poboación ocupada estimada pola EPA o fixo nun 2,1%. No último trimestre tan só o número de horas traballadas reflectidas nas contas económicas de Galicia presenta unha caída superior ao PIB, cunha redución do 3,1% (-4,1% no mesmo período

do ano anterior), sendo esta caída do 2,8% no caso do número medio de horas efectivamente traballadas reflectido na EPA (-6,1% en 2020).


Se a comparación se realiza coa situación existente antes da crise orixinalada pola pandemia, cómpre resaltar que os indicadores de horas traballadas son os que reflicten o maior impacto negativo no emprego, con especial incidencia no segundo trimestre do ano 2020. Os datos correspondentes ao primeiro trimestre de 2021 amosan que o

axuste do emprego medido en termos de número de horas efectivamente traballadas estimadas pola EPA (7,6%) é lixeiramente superior á caída do PIB real (7,5%), sendo inferior no caso das horas traballadas recollidas nas contas económicas de Galicia (6,7%). Por contra, o axuste de emprego entre os dous períodos considerados é do 2,9% segundo as afiliacións en alta laboral, situándose en torno ao 3,3% no caso da poboación ocupada e postos de traballo equivalente a tempo completo.


## Evolución trimestral da ocupación e o desemprego en Galicia 2019-21




Fonte: IGE, Enquisa poboación activa



Fonte: IGE, Contas económicas




Fonte: IGE, Afiliación á Seguridade Social



Fonte: IGE, Enquisa poboación activa e Demandas de emprego e colocacións

Fonte: IGE

## Evolución da ocupación e o PIB real en Galicia. Base IV 2019 = 100



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE


O axuste do emprego provocado pola crise sanitaria do COVID tradúcese nunha redución do número medio de afiliacións en alta laboral ao Sistema da Seguridade Social en Galicia. Tras a devandita caída interanual do 0,6%, o número medio de afiliacións para o total do sistema descende ata as 992.761 persoas, 5.800 afiliacións menos que no ano anterior. España presenta neste primeiro trimestre unha caída interanual lixeiramente inferior á media galega (-0,5%), descendendo o número medio de afiliacións ata as 18.820.302 persoas. No ano anterior España presentou tamén un mellor comportamento que Galicia, cun-

ha medra interanual das afiliacións do 0,2% fronte ao 0,1% na C.A.

Se se considera a evolución mensual experimentada nos primeiros meses do ano, cómpre resaltar o número de afiliacións en xaneiro e febreiro é similar á existente no ano 2019, situándose por baixo nos meses de marzo e abril. Loxicamente o forte impacto da pandemia e das medidas aplicadas para frear a súa expansión explica que o nivel de afiliacións no ano 2020 sexa inferior á rexistrada en marzo e abril de 2021.

A crise sanitaria incide de maneira moi desigual entre as distintas ramas de actividade. A caída de afiliacións

## Evolución mensual das afiliacións á Seguridade Social en Galicia 2016-2020



Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

máis acusada en termos absolutos corresponde ás ramas de servizos de comidas e bebidas (CNAE 56), con 9.402 afiliacións menos respecto ao mesmo período do ano anterior, o que equivale a un descenso interanual do 14,6%; a continuación situaríanse as actividades deportivas, recreativas e de entretemento (CNAE 93), e o comercio ao retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas (CNAE 47), cunha caída en torno a 1.420 afiliacións menos,

13,4% e 1,4%, respectivamente. Asemade hai que destacar a caída interanual do 9,9% experimentada polas actividades de servizos de aloxamento (CNAE 55).

Por contra, a rama de actividade que experimentou o maior crecemento foi a rama sanitaria (CNAE 86), cunha medra de 2.897 afiliacións máis que no ano anterior, por diante das actividades relacionadas co emprego (CNAE 78) e a educación (CNAE 85), con 1.988 e

## Afiliacións á Seguridade Social no primeiro trimestre 2020-2021 (media mensual): distribución segundo principais ramas de actividade (1)

	2020		2021		21/20	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
47 Comercio ao retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas	104.250	10,4	102.831	10,4	-1,4	-1.420
86 Actividades sanitarias	62.640	6,3	65.536	6,6	4,6	2.897
84 Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	54.634	5,5	56.104	5,7	2,7	1.471
56 Servizos de comidas e bebidas	64.556	6,5	55.153	5,6	-14,6	-9.402
85 Educación	52.962	5,3	54.936	5,5	3,7	1.974
43 Actividades de construción especializada	47.703	4,8	47.902	4,8	0,4	200
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	47.786	4,8	47.350	4,8	-0,9	-436
01 Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas	35.177	3,5	34.649	3,5	-1,5	-528
49 Transporte terrestre e por tubaxe	33.214	3,3	33.625	3,4	1,2	411
10 Industria da alimentación	30.459	3,0	30.073	3,0	-1,3	-386
81 Servizos a edificios e actividades de xardinaria	27.396	2,7	28.605	2,9	4,4	1.209
97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	26.159	2,6	25.729	2,6	-1,6	-430
41 Construción de edificios	23.117	2,3	23.670	2,4	2,4	552
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	21.958	2,2	21.586	2,2	-1,7	-372
<b>Subtotal (ramas con máis de 20.000 afiliacións )</b>	<b>632.010</b>	<b>63,3</b>	<b>627.749</b>	<b>63,2</b>	<b>-0,7</b>	<b>-4.261</b>
<b>Total</b>	<b>998.694</b>	<b>100</b>	<b>992.761</b>	<b>100</b>	<b>-0,6</b>	<b>-5.933</b>

## Ramas con maior descenso de afiliacións

	2020		2021		21/20	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
56 Servizos de comidas e bebidas	64.556	6,5	55.153	5,6	-14,6	-9.402
93 Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	10.654	1,1	9.227	0,9	-13,4	-1.427
47 Comercio ao retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas	104.250	10,4	102.831	10,4	-1,4	-1.420
55 Servizos de aloxamento	7.997	0,8	7.204	0,7	-9,9	-792
96 Outros servizos persoais	19.428	1,9	18.737	1,9	-3,6	-692
14 Confección de roupa de vestir	8.414		7.731			

## Ramas con maior incremento de afiliacións

	2021		2020		21/20	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
86 Actividades sanitarias	62.640	6,3	65.536	6,6	4,6	2.897
78 Actividades relacionadas co emprego	9.130	0,9	11.118	1,1	21,8	1.988
85 Educación	52.962	5,3	54.936	5,5	3,7	1.974
84 Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	54.634	5,5	56.104	5,7	2,7	1.471
81 Servizos a edificios e actividades de xardinaria	27.396	2,7	28.605	2,9	4,4	1.209

(1) ramas CNAE 2009;

Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social







1.974 afiliacións máis, respectivamente. En termos relativos, as afiliacións nas actividades relacionadas co emprego medraron neste primeiro trimestre un 21,8%.

Atendendo á evolución mensual dos principais subsectores ao longo dos últimos seis anos, cómpre destacar que tanto o comercio como sobre todo a hostalería presenta un nivel de afi-

liacións inferior ao rexistrado no ano 2016. Por contra, sectores como as actividades sanitarias e servizos sociais ou a educación presentan un número de afiliacións superior ao dos anos anteriores, especialmente significativo no caso das actividades sociosanitarias.

No que se refire á análise da poboación ocupada, tras unha caída interanual do 2,1% (medrara un 0,3%

### Evolución mensual das afiliacións nos subsectores do comercio, hostalería, actividades sanitarias e de servizos sociais e educación 2016-2021




Fonte: IGE

no primeiro trimestre do ano anterior), Galicia conta con 1.059.800 persoas ocupadas, 23.200 menos que no ano anterior. Tal e como se reflectiu anteriormente, tras esta caída a taxa de ocupación (relación entre a poboación ocupada e a poboación maior de 16 anos) descendeu ata o 45,3% (no conxunto do Estado descende ata o 48,5%), o que a sitúa como a quinta Comunidade Autónoma con menor taxa de emprego, por diante de Canarias (41,5%), Estremadura (42,5%), Andalucía (43,4%) e Asturias (43,5%).

Este axuste no nivel da poboación ocupada neste primeiro trimestre foi moito máis intenso entre os homes que entre as mulleres, de xeito que a ocupación masculina descende en Galicia un 2,9% respecto ao ano anterior (16.700 homes ocupados menos) fronte a un 1,3% no caso das mulleres (6.600 persoas menos). Isto contrasta co acontecido nos tres trimestre anteriores, onde o axuste do emprego orixinado pola pandemia é superior entre as mulleres, e sobre todo co estimado no primeiro trimestre do ano 2020

## Evolución trimestral da poboación ocupada 2019-2021: distribución segundo sexo



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

onde a poboación ocupada medra en 14.600 persoas entre os homes (2,6%) en tanto que descende en 11.800 persoas entre as mulleres (-2,3%). Ao igual que en Galicia, no conxunto de España o axuste de emprego foi máis intenso entre homes que entre as mulleres, reducíndose a poboación ocupada un 2,6% e 2,2%, respectivamente.

Centrándose na análise das cifras totais da ocupación estimadas pola EPA, con carácter xeral pode afirmarse que o axuste do emprego segue a producirse en maior medida entre as persoas máis vulnerables: os máis novos, asalariados con contratos temporais, traballadores con xornada a tempo parcial e persoas con menor nivel educativo. Asemade, a poboación ocupada redúcese tanto no conxunto de traballadores por conta propia, por mor da caída dos empresarios sen asalariados, como nas persoas por conta allea no sector privado. No extremo contrario, cómpre resaltar o incremento interanual dos empregadores e dos asalariados no sector público.

Atendendo á situación profesional dos ocupados, no primeiro trimestre de 2021 redúcese tanto a ocupación por conta propia como por conta allea, sendo máis intenso o axuste no emprego por conta allea. Dunha banda, a caída das persoas asalariadas, tanto homes como mulleres, rexístrase tan só no sector privado, cunha redución do 4,5% (30.800 persoas). Por contra, no ámbito público o emprego asalariado medra un 5,5% (10.400 persoas).

Doutra banda, no que ás persoas traballadoras por conta propia se refire, o descenso interanual do 1,3% no primeiro trimestre do ano (2.800 persoas menos) ven explicado pola caída dun 4,2% no caso dos empresarios sen asalariados (5.900 persoas menos), o que contrasta co incremento do 4,1% entre os empresarios con asalariados (2.600 persoas).

É importante mencionar o desigual comportamento estimado para homes e mulleres no último ano. Dunha banda, o devandito descenso das persoas traballadoras por conta propia prodúcese tan só no caso dos homes empresarios sen asalariados, que experimenta unha caída interanual do 9,9% (8.500 homes menos), o que contrasta co incremento do 4,7% no caso da mulleres. No que ao emprego asalariado se refire, as mulleres presentan unha medra superior no caso do emprego na sector público (6,1% fronte ao 4,6% no caso dos homes) e ao mesmo tempo a caída do emprego no sector privado é máis intensa entre as mulleres que entre os homes (-5,6% e -3,6%, respectivamente).

Por último, cómpre resaltar que o axuste do emprego céntrase fundamentalmente nas persoas cos estudos secundarios, o que contrasta novamente coa medra estimada no caso daquelas persoas con estudos superiores. O número de persoas ocupadas con educación secundaria descende un 6% respecto ao ano anterior (34.100 persoas ocupadas menos), situándose

## Poboación ocupada en Galicia 1 trimestre 2021: distribución segundo sectores económicos, situación profesional, ocupación, idade e nivel de formación acadado

	Galicia (en miles de persoas)			Galicia 20/19 (%)		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
<b>Total</b>	558,1	501,6	1.059,7	-2,9	-1,3	-2,2
<b>Sectores económicos</b>						
Agricultura, gandaría, caza e silvicultura	25,8	19,2	45,0	-8,5	-5,9	-7,4
Pesca e acuicultura	17,0	4,4	21,4	5,6	33,3	10,3
Industria	126,2	42,3	168,5	-8,2	-20,9	-11,7
Construción	64,1	6,1	70,2	-7,8	-11,6	-8,1
Servizos	325,1	429,7	754,8	0,4	1,3	0,9
<b>Situación profesional</b>						
Traballadores por conta propia	120,3	87,3	207,6	-5,3	4,7	-1,3
Empregador	39,9	26,5	66,4	3,9	4,3	4,1
Empresarios sen asalariados	77,2	57,4	134,6	-9,9	4,7	-4,2
Membros cooperativas	0,3	0,6	0,9	-62,5	0,0	-35,7
Axuda na empresa ou negocio familiar	3,0	2,9	5,9	42,9	11,5	25,5
Asalariados	437,6	414,2	851,8	-2,2	-2,4	-2,3
Sector público	81,1	118,2	199,3	4,6	6,1	5,5
Sector privado	356,5	295,9	652,4	-3,6	-5,6	-4,5
Outra situación	0,2	0,2	0,4	-50,0	-	-20,0
<b>Ocupación</b>						
Directores e xerentes	23,8	13,0	36,8	16,1	26,2	19,5
Técnicos e profesionais científicos e intelect.	77,8	114,9	192,7	-0,5	2,5	1,3
Técnicos e profesionais de apoio	79,3	45,9	125,2	-1,5	1,8	-0,3
Empregados contables, admons. e outros empregados ofic.	31,3	64,3	95,6	2,6	0,6	1,3
Trab. servizos restaur., persoais, protecc. vend. comerc.	71,0	153,3	224,3	-12,1	-0,2	-4,3
Trab. cualificado no sector primario	33,2	21,1	54,3	-2,9	-5,8	-4,1
Trab. cualif. ind. manufact. construcc., minaría, agás operad.	122,2	16,7	138,9	-9,3	2,5	-8,1
Operadores	78,3	10,8	89,1	5,7	-26,0	0,5
Ocupacións elementais	35,7	61,0	96,7	0,0	-11,7	-7,7
Ocupacións militares	5,4	0,6	6,0	0,0	-14,3	-1,6
<b>Grupos de idade</b>						
16-19 anos	2,0	0,6	2,6	-41,2	-45,5	-42,2
20-24 anos	14,7	9,4	24,1	-25,8	-38,6	-31,3
25-34 anos	85,8	80,3	166,1	-10,7	-5,4	-8,2
35-44 anos	163,1	146,3	309,4	-3,3	-4,1	-3,7
45-54 anos	172,4	153,2	325,6	2,7	3,0	2,8
55 e máis anos	120,2	111,9	232,1	0,9	6,1	3,3
<b>Nivel de formación acadado (1)</b>						
Analfabetos	-	0,2	0,2	-100,0	-	-50,0
Educación primaria	16,5	8,3	24,8	4,4	-25,2	-7,8
Educación secundaria	309,9	222,6	532,5	-6,1	-5,9	-6,0
Educación superior	231,5	270,5	502,0	1,4	3,8	2,7

(1) Educación primaria inclúe estudos primarios incompletos, Educación secundaria inclúe 1ª etapa, 2ª etapa orientación xeral e profesional, e Educación superior inclúe doutorado  
 Fonte: INE, EPA



esta taxa de variación interanual lixeiramente por riba no caso dos homes (6,1%; 20.200 persoas menos) que no das mulleres (5,9%; 13.900 mulleres menos). Por contra, entre as persoas con estudos superiores a ocupación medra un 2,7% (13.000 persoas), sendo este incremento máis intenso entre as mulleres, cun 3,8% (9.900 persoas máis), que entre os homes, cun 1,4% (3.100 persoas).

### CALIDADE DO EMPREGO

No que á calidade do emprego se refire, cómpre resaltar que o axuste do emprego prodúcese case na súa totalidade no caso das persoas asalariadas con contratos temporais, cunha redución de 20.000 persoas respecto ao ano anterior (-9,1%), permanecendo practicamente estable os asalariados con contrato indefinido (300 persoas menos). No sector privado o axuste prodúcese basicamente na contratación temporal, cun descenso interanual do 15,4% (25.800 persoas menos), sendo esta redución do 1% no caso da contratación indefinida (5.000 asalariados menos). Así mesmo, a contratación temporal no ámbito público aumenta en maior medida que a indefinida, situándose no primeiro caso no 11,4% (5.800 persoas) e no 3,3% no caso dos indefinidos (4.600 persoas). Tras esta evolución, a taxa de temporalidade descende ata o 23,3%, case dous puntos menos que no mesmo período do ano anterior, situándose estra

porcentaxe no 28,5% no sector público e no 21,7% no privado. No conxunto do Estado a temporalidade sitúase no 23,8%, oscilando entre o 30,4% do sector público e o 22% estimada no sector privado.

A principal diferenza entre a evolución dos asalariados homes e mulleres radica na contratación indefinida, que medra un 0,7% no caso das mulleres fronte á redución na mesma intensidade entre os homes (2.100 mulleres máis e 2.400 homes menos). Por contra, o descenso da contratación temporal entre as mulleres é superior á dos homes, cunha taxa de variación interanual do -10,7% e -7,3%, respectivamente.

Asemade, a redución do emprego a tempo parcial no primeiro trimestre do ano prodúcese con maior intensidade que no caso do emprego a tempo completo en Galicia. Así o emprego asalariado a tempo parcial descende un 7,7% (10.200 persoas menos que no ano anterior) fronte ao 1,4% no caso do emprego a tempo completo (10.100 persoas menos). A análise da desagregación segundo sexo reflicte o mantemento da desigualdade entre homes e mulleres xa que o 79,2% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galicia nese primeiro trimestre son mulleres, medio punto porcentual menos que no ano precedente (79,7%), en tanto que no caso do emprego a tempo completo o seu peso relativo é do 43,5%, tres décimas máis que en 2020. Doutra banda, o 23,3% das mulleres asalariadas teñen un emprego a tempo parcial



o que contrasta co 5,8% estimado na 6% no ano precedente, respectiva-  
ocupación entre os homes (24,8% e mente).

## Poboación ocupada e número medio de horas efectivamente traballadas en Galicia no primeiro trimestre 2021: distribución segundo sexo e ramas de actividade

### Poboación ocupada

	2021			21/20		
	<i>(en miles de persoas)</i>			<i>(taxa variación interanual)</i>		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
<b>Total</b>	1.059,7	558,2	501,8	-2,2%	-2,9%	-1,2%
<b>Sector Primario</b>	66,3	42,8	23,6	-2,5%	-3,4%	-0,4%
Agricultura, gandaría, caza e silvicultura	44,9	25,8	19,2	-7,6%	-8,5%	-5,9%
Pesca e acuicultura	21,4	17,0	4,4	10,3%	5,6%	33,3%
<b>Industria</b>	168,6	126,2	42,3	-11,7%	-8,2%	-20,9%
Industrias extractivas	4,4	4,4	-	4,8%	12,8%	-100,0%
Industria manufactureira	153,2	112,2	40,9	-12,1%	-8,2%	-21,5%
Energía, subministro de auga e xestión de residuos	11,0	9,6	1,4	-11,3%	-15,0%	27,3%
<b>Construción</b>	70,2	64,1	6,1	-8,1%	-7,8%	-11,6%
<b>Servizos</b>	754,6	325,1	429,8	0,9%	0,4%	1,4%
Comercio por xunto e ao retalto; reparación de vehículos de motor e motocicletas	161,4	75,7	85,7	-0,4%	-4,2%	3,1%
Transporte e almacenamento	53,4	43,4	10,1	17,1%	24,0%	-4,7%
Hostalaría	54,2	21,2	33,0	-26,4%	-35,0%	-19,5%
Act. de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	154,2	76,3	77,9	9,8%	6,4%	13,2%
Admón. pública e defensa; seguranza social obrigatoria	69,4	38,6	30,9	6,9%	7,2%	6,9%
Educación	76,5	25,4	51,1	3,8%	5,4%	3,0%
Actividades sanitarias e de servizos sociais	108,6	24,0	84,7	1,0%	2,1%	0,8%
Resto de servizos	76,9	20,5	56,4	-3,6%	-6,0%	-2,8%

### Número medio de horas efectivamente traballadas

	2021			21/20		
	<i>(en miles de persoas)</i>			<i>(taxa variación interanual)</i>		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
<b>Total</b>	31,4	33,9	28,7	-2,8%	-2,0%	-3,4%
<b>Sector Primario</b>						
Agricultura, gandaría, caza e silvicultura	47,0	47,9	45,9	1,5%	6,7%	-5,0%
Pesca e acuicultura	27,5	29,4	20,7	-4,5%	-9,8%	30,2%
<b>Industria</b>						
Industrias extractivas	38,8	38,8		1,8%	2,1%	
Industria manufactureira	33,9	35,0	31,0	-0,6%	0,6%	-4,0%
Energía, subministro de auga e xestión de residuos	31,1	32,8	19,7	-8,3%	-1,8%	-49,4%
<b>Construción</b>	34,8	35,6	26,5	6,7%	8,2%	-8,6%
<b>Servizos</b>						
Comercio por xunto e ao retalto; reparación de vehículos de motor e motocicletas	32,1	34,2	30,2	-2,4%	-5,3%	0,7%
Transporte e almacenamento	34,2	35,7	28,0	0,6%	1,4%	-8,8%
Hostalaría	20,7	20,7	20,7	-33,2%	-38,6%	-28,4%
Act. de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	32,5	34,9	30,1	0,9%	-1,4%	3,4%
Admón. pública e defensa; seguranza social obrigatoria	29,3	29,7	28,9	-1,3%	-0,7%	-2,4%
Educación	28,1	28,9	27,7	-2,8%	-4,0%	-1,8%
Actividades sanitarias e de servizos sociais	30,1	32,0	29,6	-8,0%	-13,3%	-6,3%
Resto de servizos	24,7	31,3	22,5	1,6%	4,7%	0,4%

Fonte: IGE

Se nos fixamos brevemente na evolución do indicador do número medio efectivamente traballadas, que tal e como se indicaba en anteriores informes de conxuntura reflicte con maior precisión o comportamento da ocupación dende o comezo da crise sanitaria, unha primeira diferenza respecto á evolución da poboación ocupada radica en que o axuste do emprego entre as mulleres é mais intenso que entre os homes. Fronte á caída interanual do 3,4% do número de horas entre as mulleres este descenso é do 2% entre os homes (-2,8% no total de Galicia). Tras esta evolución, o número total de horas efectivamente traballadas no primeiro trimestre do ano descende ata as 31,4, situándose en 33,9 horas no caso dos homes e en 28,7 horas entre as mulleres.

Atendendo á desagregación segundo ramas de actividade e a súa comparativa co comportamento da poboación ocupada estimada na EPA, cómpre mencionar en primeiro lugar a desigual evolución das ramas agrarias, onde o número medio de horas efectivamente traballadas descende no ámbito pesqueiro un 4,5% respecto ao ano anterior (medra un 10,3% o número de persoas ocupadas no sector) e aumenta un 1,5% no subsector agrogandeiro (-7,6% a poboación ocupada).

No conxunto de actividades do sector industrial a industria manufacturera presenta un lixeiro descenso do número medio de horas efectivamente traballadas (-0,6%), o que contrasta

coa caída do 12,1% do número total de ocupados. Este desigual comportamento explícase tanto pola medra das horas estimada entre os homes, que contrasta coa caída da ocupación (0,6% e -8,2%, respectivamente) como pola menor redución experimentada entre as mulleres (-4% no caso das horas efectivamente traballadas e -21,5% no caso das persoas ocupadas no sector). Asemade, fronte ao descenso da poboación ocupada no sector da construción (-8,1%), o número medio de horas efectivamente traballadas aumenta un 6,7% por mor do crecemento do 8,2% entre os homes (redúcese un 8,6% entre as mulleres).

No que ao sector servizos se refire, ambos os dous indicadores reflicten un forte axuste do emprego no sector da hostalería, se ben este é máis intenso se se consideran as horas efectivamente traballadas en lugar da poboación ocupada (3-3,2% e -26,4%, respectivamente). Asemade, é importante resaltar o descenso interanual do 8% no caso do número de horas no conxunto de actividades sanitarias e de servizos sociais, que contrasta coa medra dun 1% no número de persoas ocupadas no sector; estimándose esta mesma tendencia tanto no caso dos homes como das mulleres, onde o número de horas descende un 13,3% e 6,3%, respectivamente. Por último cómpre mencionar o axuste experimentado nas actividades de comercio, cun 2,4% menos que no ano precedente, producíndose esta redución, ao igual que no

caso da poboación ocupada, tan só no caso dos homes (-5,3% e -4,2%, respectivamente).

No que á situación profesional se refire, o devandito indicador do número medio de horas efectivamente traballadas reflicte que o axuste de emprego prodúcese tan só no caso dos traballadores por conta allea, tanto no sector público como privado. Dunha banda as horas efectivamente traballadas polos asalariados do sector público redúcese un 5,1% respecto ao mesmo período do ano anterior en tanto que no sector privado esta redución interanual é do 4,2% (en termos de ocupación o axuste prodúcese tan só no sector privado, cunha caída do 4,5%). No concernente ao traballo por conta propia, fronte á caída do número de empresarios sen asalariados nun 4,2% respecto ao ano anterior a EPA estima que o número de horas efectivamente traballadas medra un 3,8% neste grupo de persoas; en tanto que no caso dos empregadores, fronte ao aumento interanual do 4,1% das persoas ocupadas, permanecen constante as horas efectivamente traballadas.

## DESEMPREGO

Coma se mencionou anteriormente, a análise da evolución do desemprego estivo fortemente condicionada tanto polas restrición de mobilidade, que impiden a procura activa de emprego, condición indispensable para que estatisticamente a EPA considere unha

persoa como parada. Os datos recollidos na Enquisa de Poboación Activa (EPA) reflicten que en 2021 volve a incrementarse o nivel de desemprego estimado nun primeiro trimestre, se ben de xeito menos acusado que no mesmo período do ano anterior. A poboación parada en Galicia ascende no último ano en Galicia ata as 158.300 persoas, 1.500 persoas máis que no ano anterior, das que 83.600 son mulleres (52,8%) e 74.700 son homes (47,2%).

En termos relativos, o desemprego medrou un 1% respecto ao ano precedente o que contrasta co incremento do 10,3% experimentado no conxunto do Estado. Tras esta evolución a taxa de paro en Galicia ascendeu ata o -13,2%, catro décimas máis que no mesmo período do ano anterior, aumentando o diferencial co conxunto do Estado ata os tres puntos (16%).

O devandito incremento do desemprego estimado na EPA contrasta cunha medra do 8,5% do número de persoas rexistradas nas oficinas de emprego en Galicia, que acada as 183.977 persoas. Este incremento relativo sitúase máis de dez puntos porcentuais por baixo do rexistrado no conxunto do Estado, onde o paro medra un 18,7% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior. O paro rexistrado nos primeiros meses do ano segue unha tendencia similar á rexistrada nos anos anteriores (agás no ano 2020) situándose o desemprego nun nivel superior ao rexistrado ao longo do mesmo período do ano 2019.

## Evolución da poboación parada e da taxa de paro en Galicia 2019-2021.

	2019				2020				2021	
	I	II	III	IV	I	II	III	IV	I	
	<i>(en miles de persoas)</i>									
<b>Poboación parada</b>	153,9	140,4	143,5	145,8	156,8	142,5	144,8	142,6	158,3	
<b>Homes</b>	77,5	68,9	63,7	66,2	71,9	71,8	69,0	65,4	74,7	
<b>Mulleres</b>	76,5	71,4	79,7	79,5	84,9	70,7	75,9	77,3	83,6	
<b>Paro de longa duración</b>	59,9	56,0	56,7	55,7	55,4	40,1	53,7	50,1	61,4	
	<i>(Taxa de variación interanual; %)</i>									
<b>Poboación parada</b>	-17,5	-19,8	-6,2	-2,1	1,9	1,5	0,9	-2,2	1,0	
<b>Homes</b>	-14,9	-16,3	-11,5	-8,9	-7,2	4,2	8,3	-1,2	3,9	
<b>Mulleres</b>	-19,8	-23,1	-1,6	4,3	11,0	-1,0	-4,8	-2,8	-1,5	
<b>Paro de longa duración</b>	-30,8	-30,8	-10,4	-9,0	-7,5	-28,4	-5,3	-10,1	10,8	
	<i>(porcentaxe de poboación activa; %)</i>									
<b>Taxa de paro</b>										
<b>Total</b>	12,5	11,3	11,5	11,7	12,6	11,9	11,8	11,7	13,0	
<b>Homes</b>	12,1	10,7	9,8	10,3	11,1	11,5	10,7	10,3	11,8	
<b>Mulleres</b>	12,8	12,0	13,3	13,3	14,3	12,4	13,0	13,2	14,3	
<b>Segundo nivel de estudos</b>										
<b>Estudios primarios</b>	30,6	25,6	26,7	29,5	27,2	26,0	22,6	20,4	22,5	
<b>ESO. 1ª etapa</b>	15,8	15,2	13,2	13,7	15,2	13,7	12,9	13,8	16,0	
<b>ESO. 2ª etapa</b>	13,9	11,8	13,2	13,0	14,1	12,5	13,2	12,4	15,1	
<b>Educación superior</b>	7,4	7,0	7,9	8,4	9,0	9,6	9,7	9,3	9,5	
<b>Segundo grupos de idade</b>										
<b>Menores de 25 anos</b>	31,5	26,8	26,2	27,4	28,1	34,3	36,6	33,7	33,1	
<b>De 25 a 54 anos</b>	12,1	10,9	10,9	11,2	12,5	11,8	11,1	11,4	12,8	
<b>Maiores de 55 anos</b>	9,8	9,5	10,0	10,1	9,9	8,1	8,9	8,7	9,6	
<b>Segundo nacionalidade</b>										
<b>Española</b>	11,9	10,8	10,7	11,0	12,0	11,3	11,1	10,7	11,8	
<b>Estranxeira</b>	23,2	21,9	24,9	25,3	24,8	23,2	22,5	27,8	33,1	

Fonte: IGE

Centrándose na análise da poboación ocupada (EPA), a evolución das taxas de paro reflicten que o desemprego afecta en maior medida ao desemprego feminino tendo en conta as taxas de paro femininas son máis elevadas que ás correspondentes aos homes. A taxa de paro entre as mulleres man-

tense no 14,3% en tanto que entre os homes a taxa de desemprego ascende ata o 11,8% entre os homes, sete décimas máis que no primeiro trimestre do ano anterior.

En relación ao resto da CC.AA. a taxa de paro galega sitúase nunha posición intermedia, aínda que lonxe das taxas




estimadas no País Vasco (11%), A Rioja ou Cantabria (11,9%). No que á taxa de paro feminina se refire, Galicia presenta unha das taxas máis reducidas, cun 14,3%, tan só superada por Navarra e País Vasco, cun 11,3%, Cantabria, cun 13%, e Madrid, co 13,5% (media estatal 18,1%). Non obstante, o diferencial coa media estatal ascende ata os 3,8 puntos porcentuais, punto e medio máis que no caso da taxa de desemprego masculina. No caso dos homes a taxa de paro sitúase no 11,8%, o que a sitúa nunha posición intermedia respecto ao resto das CC.AA..

As persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudos primarios

son os colectivos máis afectados polo desemprego. Dunha banda, a taxa de paro entre os menores de 25 anos ascende ata o 33,1%, cinco puntos por riba do estimado no ano anterior, mentres que entre as persoas de 25 a 54 anos a taxa de paro sitúase no 12,8% (12,5% no primeiro trimestre do ano anterior) e entre os maiores de 55 anos descende ata o 9,6% (9,9% no ano precedente). Doutra banda, atendendo ao nivel de estudos rematados, a taxa de paro sitúase no 22,5% no caso das persoas con estudos primarios, case cinco puntos menos que no ano anterior (27,2%), aumentando ata o 9,5% entre aquelas con educación superior (9% no ano anterior). Por último, a

### Evolución do paro rexistrado en Galicia 2016-2021.



Fonte: IGE




taxa de paro entre as persoas con nacionalidade española descende ata o 11,8%, dúas décimas máis que no primeiro trimestre de 2020, aumentando por contra entre os estranxeiros ata o 33,1%, (24,3% no ano anterior).

Por último cómpre mencionar que se racha a tendencia descendente do desemprego de longa duración nun primeiro trimestre, situándose no último ano nas 61.400 persoas, que é o nivel máis elevado dende o terceiro trimestre de 2018. A pesar de que a

poboación parada estimada pola EPA aumenta en Galicia un 1%, o número de persoas en situación de desemprego de longa duración o fai nun 10,8% respecto ao ano anterior, o que supón un incremento de 6.000 persoas no último ano. No último trimestre trinta e nove de cada cen parados galegos son parados de longa duración, tres puntos e medio superior á estimada no mesmo período do ano anterior, sendo esta porcentaxe similar á de 2019 (38,9%).

### Evolución do desemprego e do paro de longa duración 2009-2021



Fonte: IGE

Atendendo á distribución segundo grupos de idade, ao igual que no pri-

meiro trimestre do ano anterior, o paro de longa duración aumentan entre as

persoas de 35 anos, se ben no último ano prodúcese en maior intensidade. Deste xeito, entre os menores de 25 anos o desemprego de longa duración aumenta un 31% respecto ao ano anterior (900 persoas máis) e un 12,1% entre as persoas con idades comprendidas entre 25 e 34 anos (1.200 persoas), cando no ano anterior a taxa de variación interanual situábase no 3,6% e 4,2%, respectivamente. A principal diferenza entre os dous trimestres considerados prodúcese entre as persoas de 35 a 44 anos, tendo en conta que en 2021 o desemprego de longa duración medra un 43,6% (4.100 persoas máis) cando no ano anterior descendera un 40,1% (6.300 persoas desempregadas menos).

### EXPEDIENTES DE REGULACIÓN TEMPORAL DE EMPREGO - ERTE

Os ERTE nas actividades directamente afectadas polo estado de alarma, complementado e ampliado posteriormente cos acordos sociais en defensa do emprego, constitúen un instrumento fundamental de protección para afrontar o impacto negativo da COVID no mercado de traballo. No que ao primeiro trimestre se refire cómpre salientar que no mes de xaneiro alcanzouse o cuarto Acordo Social en Defensa do Emprego (RD 2/2021, de 26 de xaneiro, de reforzo e consolidación de medidas en defensa do emprego, que supón unha prórroga das medidas

acordadas no anterior Acordo, se ben cunha simplificación en termos da súa xestión para as empresas.

A 31 de marzo de 2021 o número de persoas protexidas por un expediente de regulación temporal de emprego asociado á covid-19 ascende a 34.759, das que o 74,6% o están nalgúns das modalidades postas en marcha a partir de outubro de 2020, prorrogadas a partir do 1 de febreiro de 2021 (71% en España). En relación ao conxunto do Estado, os datos publicados polo Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones reflicten que Galicia acolle o 4,7% das persoas acollidas a un ERTE, oscilando esta porcentaxe entre o 4,1% no caso dos homes (14.394 persoas) e o 5,2% no das mulleres (20.365 persoas).

Atendendo ás distintas modalidades, a finais de marzo un total de 16.094 persoas estaban protexidos por un ERTE de limitación, o que representa o 8% do total estatal, e outras 3.706 persoas por un ERTE de impedimento, o 6,8%. Este peso relativo é significativamente máis reducido no caso dos ERTE para sectores ultraprotexidos e á súa cadea de valor, cun 2,5% (5.665 persoas) e 0,9% (471 persoas), respectivamente. Asemade, cómpre resaltar que un total de 5.956 persoas estaban protexidos por ERTE de forza maior e os restantes 2.867 por ERTE por razóns económicas, técnicas, de produción ou organizativas (ETOP).

No que á súa evolución ao longo dos

## Empresas e número de persoas acollidas a un Expediente de regulación temporal de emprego (último día de cada mes)

	Persoas protexidas por ERTE				Empresas con ERTE			
	Total	Forza Maior	RD30/2020 e seguintes	Non Forza Maior	Total	Forza Maior	RD30/2020 e seguintes	Non Forza Maior
<b>2020</b>								
<b>Abril</b>	165.038	150.241		14.797				
<b>Maio</b>	135.630	118.258		17.372	31.569	29.523		2.046
<b>Xuño</b>	75.606	64.471		11.135	22.365	20.694		1.671
<b>Xullo</b>	41.366	35.090		6.276	14.531	13.406		1.125
<b>Agosto</b>	27.052	22.150		4.902	10.137	9.166		971
<b>Setembro</b>	22.707	18.581		4.126	8.866	8.028		838
<b>Outubro (1)</b>	18.505	15.024		3.481	7.186	6.457		729
<b>Novembro</b>	26.918	10.369	13.413	3.136	8.860	4.494	3.651	715
<b>Decembro</b>	33.772	8.998	21.403	3.371	10.933	3.929	6.224	780
<b>2021</b>								
<b>Xaneiro</b>	31.308	7.587	20.924	2.797	10.424	3.419	6.275	730
<b>Febreiro</b>	46.665	7.268	36.355	3.042	14.250	3.177	10.295	778
<b>Marzo</b>	34.759	5.956	25.936	2.867	12.378	2.856	8.741	781
<b>Abril</b>	27.521	5.244	19.476	2.801	10.450	2.608	7.117	725

(1) Non inclúen os datos do RDL 30/2020

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

primeiros meses de 2021, cómpre resaltar que despois do incremento experimentado no mes de febreiro por mor das restricións motivadas pola terceira onda da pandemia, marzo e abril presentan un novo descenso unha vez relaxadas as devanditas medidas. En relación aos datos rexistrados no último día do ano 2020, Galicia presenta un descenso do número de persoas afectadas por un ERTE de forza maior e ETOP, aumentando por contra os ERTE por limitación e aqueles dirixidos a sectores ultraprotexidos.

Atendendo á diferenciación segundo sexo das persoas protexidas por un ERTE no último día de marzo de 2021, en Galicia o 58,6% son mulleres, sendo esta porcentaxe case seis puntos e medio superior á rexistrada no conxun-

to do Estado (52,2%). Este maior peso relativo das mulleres en comparación con España prodúcese nos distintos tipos de expedientes, salientando os ERTE RDL 30/2020 e posteriores onde Galicia presenta unha porcentaxe sensiblemente superior: 59,7% e 52,1% na Comunidade Autónoma e en España. Tan só no caso dos expedientes de regulación de emprego por cuestións económicas, técnicas, organizativas e de produción as mulleres presentan un peso relativo inferior ao dos homes, situándose en Galicia no 48,4% fronte ao 47,3% no conxunto do Estado.

Por último, no concernente ao número total de empresas –código conta de cotización– que teñen un ERTE aprobado, a finais de marzo hai en Galicia un total de 12.378 empresas con tra-

balladores afectados por ERTE, o que representa o 6,9% total rexistrado no conxunto de España (6,2% no mes de decembro). Atendendo á desagregación por tipo de ERTE, os de forza

maior e os ETOP representan o 5,5% do total estatal fronte ao 7,8% no caso daqueles expedientes con exoneracións nas cotizacións á Seguridade Social.



## LA NUEVA RUTA DE LA SEDA: UNA APUESTA ESTRATÉGICA

FERNANDO GONZÁLEZ LAXE

